

CENTRO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN XUVENIL (CMIX)

Imos hoxe parar a nosa mirada nunha páxina amiga. [Coñeces o Centro Municipal de Información Xuvenil?](#) O CMIX? seguramente si, eles son os responsables das Antenas de información xuvenil do instituto, aquela gran cortiza de novas que está ao lado da cafetería. Se aínda non os coñeces debes facelo canto antes porque aquí podes atopar moitísima información dirixida á mocidade sempre actualizada: cursos, concursos, obradoiros, encontros, xornadas, estudos, bolsas e axudas, tempo libre, carnés xuvenís...

Teñen o seu espazo no Forum Metropolitano mais agora están pechados pero a súa páxina web está permanentemente actualizada.

Imos amosarche hoxe un breve resumo dunha Guía [#EnRedateNaCasa](#) que elaboraron con moitísimos recursos que poden ser de interese e utilidade nestes tempos de confinamento e en calquera outro momento.

Dividen esta guía de recursos en 4 partes e en cada unha delas recollen diferentes recursos que poden ser de interese. Nós aquí só che amosamos un resumo:

1.- INFORMACIÓN, ATENCIÓN E APOIO:

- **Quérote Máis**, o servizo de información e asesoramento á xuventude da Xunta de Galicia abre unha nova vía de atención a través de **videochamada por whatsapp** no **647 018 752**

-Proxecto *Familias en Acción*, da [Fundación Amigó](#): inclúe guías, vídeos, consulta directa e outros recursos para axudar nos conflitos de convivencia durante o confinamento

- **Teléfono Fad**: servizo de información e orientación da **Fundación de Axuda contra a Drogadicción**, gratuito e confidencial e atendido por especialistas en prevención e orientación familiar. Tel. 900 161 515, whatsapp 681 155 160 ou correo-e consultas@fad.es de luns a venres de 9.00 a 21.00 h.

- **Iniciativas cidadás de axuda e colaboración**: a [Rede de Bibliotecas Municipais](#) recompilou unha morea de diferentes iniciativas postas en marcha na cidade, como as seguintes:

- Plataforma colaborativa <https://ayudacovid19.es/>
- Grupo de Apoio Mutuo da Coruña <https://gamcoruna.org/>

2.- ACTIVIDADES

Recolle aquí multitude de actividades para facer desde a casa:

- Programa deportivo **"En liña"** do Concello da Coruña:
- [Museos Científicos Coruñeses](#): propoñen actividades diarias nas súas redes sociais
- **Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña**: ofrece, coa colaboración da Federación Provincial das ANPA, [itinerarios virtuais](#) para coñecer a nosa cidade sen saír da casa.
- [Programa deportivo](#) en liña da Universidade da Coruña:

3.- FORMACIÓN

Propostas de espazos virtuais que facilitan a adquisición de coñecementos:

- **TVE:** emite "[Aprendemos en casa](#)", unha iniciativa do Ministerio de Educación e para facilitar ao ensino desde a televisión pública.
- [Aulas Galegas](#), portal educativo realizado por un colectivo de profesoras e profesores que ofrecen contidos educativos de calidade para todas as etapas educativas.

4.- CULTURA E LECER

- **Museo de Belas Artes** permite ver unha selección de obras singulares da colección cunha aplicación [aplicación móbil](#)
- Visitas virtuais aos grandes **museos do mundo:** [Museo do Prado](#), [Museo Reina Sofía](#), [Museo Thyssen](#), [Museo do Louvre](#), [Museo Vaticano](#), [Galerías Uffizi](#), [British Museum](#), [Metropolitan Museum of Art de Nova York](#), [Rijksmuseum de Amsterdam](#)

Debes saber tamén que teñen unha nova canle, chámase **Como vai?** É para resolver as dúbidas concretas sobre calquera tema do teu interese a través dun *WhatsApp* ao 606 362 366